



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e ABANCA Corporación Bancaria, S.A. para a aplicación de bonificacións no prezo da Tarxeta da Mobilidade de Galicia, TMG, e a difusión do lanzamento da tarifa +65.

Advertido un erro na memoria xustificativa de data 30.11.2023, no parágrafo onde se indica a aplicación orzamentaria con cargo á que se vai financiar as actuacións obxecto do convenio, procédese a súa corrección e a súa nova sinatura.

O transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, un dos eixes de actuación prioritarios é o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias e o establecemento de sistemas de información e pagamento que contribúan á promoción da súa utilización recorrente, para o que a Xunta de Galicia, xunto inicialmente cos concellos participantes no Plan de transporte metropolitano de Galicia, impulsou o desenvolvemento e implantación dunha tarxeta moedeiro sen contactos para a súa utilización no sistema de transporte público, a TMG.

Para o impulso desta actuación, a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade, tamén entón, Caixa Galicia, formalizaron o 10 de abril de 2008 un convenio de colaboración para a mellora do sistema de pagamentos do transporte metropolitano de Galicia. No marco deste convenio de colaboración, as partes implantaron a tarxeta moedeiro sen contactos TMG, que veu substituír ás tarxetas con contactos que foran emitidas previamente nun marco de colaboración análogo impulsado entre ambas partes.





E con este mesmo obxectivo de impulsar a utilización do transporte público, de xeito singular entre a mocidade, a Xunta de Galicia procedeu á implantación da tarifa Xente Nova, e da Tarxeta TMG Xente Nova como instrumento para a súa xestión, para o que o 3 de agosto de 2016, a entón Consellería de Infraestruturas e Vivenda e ABANCA subscribiron un convenio de colaboración que tiña por obxecto establecer as bases de colaboración para a aplicación de bonificacións ás persoas con idades comprendidas entre os 4 anos e os 18 anos de idade, inclusive, no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Con posterioridade, a Orde do 18 de decembro de 2019 pola que se regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, publicada no DOG nº 248, do 31 de decembro de 2019, ampliou o ámbito de idade das persoas beneficiarias ata os 20 anos incluídos e, ademais, preveu a expansión territorial da tarifa Xente Nova mediante unha planificación programada das sucesivas ampliacións do seu ámbito territorial de aplicación ata abranger a totalidade da Comunidade Autónoma, procedemento que, superadas os principais efectos do COVID-19, culminaría no mes de maio de 2021. Ademais, esta ampliación territorial do ámbito de aplicación resultaba, por outra parte, coherente coa ampliación igualmente a todos os servizos públicos de transporte de Galicia da posibilidade de utilización da tarxeta TMG.

Actualmente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a promover a implantación dunha nova tarifa específica, a *Tarifa +65*, dirixida a facilitar ás persoas maiores de 65 a posibilidade de realizar ata 60 viaxes mensuais gratuítas nos servizos públicos de transporte da competencia da Xunta de Galicia, para o que está a tramitar un proxecto de orde pola que se regula a dita tarifa. Este proxecto, que prevé a implantación da tarifa o 1 de xaneiro de 2024, establece para a súa utilización a necesidade de dispoñer dunha tarxeta TMG, ao ser este o instrumento empregado para a súa aplicación material.

Deste xeito, por unha parte, no presente convenio recóllense actuacións dirixidas estritamente ao mantemento do actual sistema de pagamentos que xa fora obxecto de convenios de colaboración anteriores entre as





mesmas partes, como as relacionadas coa garantía da subministración ás persoas usuarias das tarxetas TMG a prezos bonificados. O custe material destas tarxetas ten variado ao longo dos últimos anos, reducíndose dende o entorno dos cinco euros ao principio do proxecto, a custos no entorno dos tres euros nestes últimos anos.

En calquera caso, a propia operativa do sistema de transporte público, e o carácter incentivador do seu uso que se persigue dende a Administración coas Tarxetas da Mobilidade de Galicia, require que o seu custo de distribución ás persoas usuarias sexa máis limitado, mantendo o importe de 2 euros para a TMG ordinaria e o carácter gratuíto da TMG Xente Nova (vinculado coa propia gratuidade da tarifa Xente Nova). Para tal fin, as partes formalizaron diferentes convenios de colaboración cos que, dende 2008, financiouse a bonificación de 707.000 tarxetas TMG, e de 204.000 tarxetas TMG Xente Nova, que foron distribuídas entre as persoas usuarias e das que resulta moi limitado o remanente resultante na rede de distribución.

De xeito congruente co anterior, cómpre incrementar o volume de tarxetas TMG que se poña a disposición das persoas usuarias a un prezo bonificado, para o que as partes estiman preciso a incorporación de 50.000 novas tarxetas TMG.

Estimando un custo máximo de adquisición en 3,412 € por TMG, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asume no proxecto de convenio a obriga de abonar a ABANCA a diferenza entre o custo final de adquisición que tivesen as correspondentes tarxetas, que soportase ABANCA, e o prezo de subministración establecido, fixando en todo caso un importe máximo de 70.600 €.

Xunto co anterior, establécese a realización de actuacións dirixidas a fomentar a utilización do sistema de transporte público no grupo de persoas que se beneficiarán da tarifa +65, facilitando o seu coñecemento.

Así, as partes comprométense a desenvolver no ano 2023 unha liña de difusión da dita tarifa +65, que abarcará:

- elaboración dunha comunicación postal ás persoas maiores de 65 anos que consonte cos seus ficheiros sexan titulares dunha TMG que estivese operativa no período anual anterior ao 1 de outubro de 2023.





- elaboración de información dirixida ás súas oficinas comercializadoras de tarxetas TMG ou TMG Xente Nova, coa finalidade de facilitar as funcións de información e resolución de dúbidas por parte do seu persoal a aquelas persoas maiores de 65 anos interesadas titulares de tarxetas TMG, ou interesadas na aplicación da tarifa +65; isto consonte coa información que a Xunta de Galicia comparta con ABANCA respecto da dita tarifa.

A comunicación postal será preparada por ABANCA e incluírá a remisión dun mínimo de 53.000 cartas, de maneira que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese a realizar unha achega de ata 12.920 euros para a remisión de ata 53.000 cartas, importe que ascenderá a ata 13.380 euros de acadar as 55.000 cartas, e a ata 15.750 euros de ascender as cartas remitidas a 65.000.

No tocante á colaboración relativa á elaboración dunha comunicación postal ás persoas maiores de sesenta e cinco anos titulares de TMG, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade actuarán como corresponsables do tratamento de datos, consonte co establecido no artigo 26 do RXPd, ao teren sido determinados conxuntamente polas partes os obxectivos e os medios esenciais da indicada operación de tratamento dos datos persoais.

Neste sentido, a Xunta de Galicia facilitará na páxina web *bus.gal* información sobre o réxime de corresponsabilidade, nos termos previstos no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, informando neste sentido directamente ás persoas destinatarias da indicada comunicación.

Polo exposto, a dotación total do convenio, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 2023.09.02.512A.470.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, ascende a **86.350,00 euros**.

Finalmente, o proxecto de convenio establece a súa duración, dende a súa sinatura ata o 31/12/2023.

Sen prexuízo do anterior, as partes manterán máis alá desa data as obrigas relacionadas coa xestión da tarifa +65, tales como a remisión recíproca de información ou a tramitación de reintegros ás persoas beneficiarias,



obrigas e actuacións ás que lles resulta de aplicación as previsións do convenio formalizado polas mesmas partes o 8 de novembro de 2022.

A xefa de servizo de Coordinación dos Plans de Transporte

Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Antón García Río

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

